

TRAXE A MEDIDA PARA O EX-PRESIDENTE DO INTERCENTROS

O día 9 de xaneiro, na véspera do remate do seu período de xerencia, Vidal Andión, asinou unha resolución xerencial para concederlle ao ex-presidente do Comité Intercentros unha praza de técnico intermedio de prevención, posto inexistente na actual relación de postos de traballo (RPT). Esta graciosa e amigable concesión foi a resposta á petición de adaptación do posto de condutor realizada polo destacado dirixente sindical tras ser declarado apto con limitacións polo servizo médico da empresa.

Previamente, na mañá do mesmo día, convocou a representación do persoal laboral para dar conta da súa decisión. Nesa reunión o representante da universidade informou verbalmente dos fundamentos dese documento que era a súa decisión última para rematar espetando *“mañana Dios dirá”*. Tras o oído, os representantes de CC OO e UGT lle expresaron serias dúbidas sobre a legalidade, tanto do procedemento como da resolución que pensaba publicar, quedando a espera de recibila por escrito para confirmar os seus argumentos.

O 15 de xaneiro as seccións sindicais de CC OO e UGT promoven perante o reitor un recurso dealzada contra a decisión do xerente ao considerala contraria a dereito. O 1 de febreiro, tras a celebración da primeira sesión ordinaria, o Comité de Empresa do PAS laboral de Vigo e Pontevedra acordou por maioría absoluta (co voto en contra de CIG e a inexplicable abstención do independente do GIUV) presentar, así mesmo, outro recurso de alzada contra a mesma resolución. En ámbolos dous recursos pódense atopar abondosos argumentos xurídicos e legais nos que se basean as seccións sindicais e o órgano de representación para solicitar ao reitor a nulidade da resolución emitida por Vidal Andión.

Mais, este asunto non só é un litixio legal, ou un conflito de interpretación das normas, ou outra rifa sindical. O beneficiado tampouco é un traballador calquera, senón un destacado membro do sindicato CIG que foi durante os últimos nove anos o presidente do Comité Intercentros. Quen asina, tampouco está asinando un papel do montón que algún servizo elaborou por el, nin tivo un papel neutral ; o xerente foi confidente e promotor dun documento que antes de ser resolución xerencial foi un borrador de resolución reitoral que non se plasmou como tal por non contar co visto e prace da reitoría. O momento no se que deu a coñecer a asignación da nova praza non é, así mesmo, casual pois foi o último acto administrativo que produciu como xerente, xusto o día antes de deixar o cargo. No último momento, habilmente, colocou a pelota no tellado do reitor e da nova xerente. É a aplicación, co manual na man, da frutífera política de feitos consumados, esa que no noso eido sempre beneficia aos que pertencen a mesma ideoloxía (a que é nacional e lista). O promotor desta falcatuada está agora moi tranquilo, de novo no seu posto da asesoría, agardando, seguramente, a que lle pidan consello legal. O círculo, se ninguén o remedia, pódese pechar, con informe xurídico do ex-xerente incluído.

O ex-presidente do intercentros, que foi tan corto e coreño cando se trataba de defender os dereitos e retribucións de todo o persoal, non escatima, polo que se ve, esforzos no que atinxe a súa autopromoción laboral, pois para conseguir o seu obxectivo demostra un profundo coñecemento do potencial da RPT e non dubida en utilizar moi ben os tempos para basearse no convenio que mellor lle convén.

Por certo, que ninguén o cuestione, como traballador ten dereito a que se lle adapte o posto, e se lle respecten a retribucións que percibe, se legalmente pode demostrar limitacións no desempeño do seu oficio, mais nas mesmas condicións que calquera outro traballador ou traballadora da Universidade de Vigo, e dicir, nas pactadas en convenio colectivo. O que non é admisible é que coa pretensión de evitarlle un prexuízo se lle outorgue, descaradamente, un beneficio. A universidade non lle pode dar a el o que non lle daría a calquera outro traballador ou traballadora que estivese na súa mesma situación. Ou acaso, a partir de agora, cando se solicite a adaptación dun posto tamén se lle vai a facer un traxe a medida ao/á solicitante?.

Sorprende tamén que dentro da CIG ninguén levante a voz contra este uso abusivo e ilegal da normativa que regula a relación de todo o persoal laboral da Universidade de Vigo. Cando alguén sindicalmente tan significado actúa con tanto descaro o prexuízo non só é para as súas siglas senón tamén para o sindicalismo en xeral, pois da pulo ao ruxerruxe de que o resto de delegados/as estamos neste para sacar proveito. E isto, que quede ben claro, non é así.

Os principios de igualdade, capacidade, mérito e publicidade que regulan a concesión de prazas na administración pública son unha trabe fundamental que sostén as relacións que se dan entre todos os traballadores e traballadoras dos distintos organismos públicos. O seu quebranto só trae conflito, desconfianza e desmotivación. Emporiso, polo ben de todos, cumpre que o reitor e a nova xerente poñan de novo as cousas no seu sitio.

Vigo, 7 de febreiro de 2008

Sección Sindical de **CC OO**
da Universidade de Vigo